



González, E.; Álvarez P.;  
Márquez, S.  
IES A Sangriña

Narrativa

# Un día na vida dunha árbore

Hola a todos, chámome Carballo. O meu froito preferido é a landra e son de follas caduca, que quere dicir que case sempre perdo a maioría das follas. Vivo no monte Aloia, nun pequeno parque, onde todas as tardes hai moitos nenos e nenas que van visitarme. Alí tanto maiores coma pequenos aprécianme e respéctanme moito porque teño cento dezaseis anos e son moi sabio. Entre todos puxéronme o apodo de Roble, porque a pesar dos meus anos son moi forte. De alto medirei sobre uns doce ou quince metros. As árbores somos os seres vivos máis vellos, grandes e altos da Terra. Somos diferentes as plantas polos nosos troncos. Teño amigos coma os castiñeiros e loureiros. Moitos dos castiñeiros repoboáronse por piñeiros e eucaliptos. Tamén hai silvas e fentos arredor de min, e pequenos animais domésticos coma vacas, cabalos e cans. Nós, alimentámonos de sol, dióxido de carbono e auga para poder sobrevivir. Somos útiles para moitas cousas, por exemplo: con estes alimentos proporcionamos o osíxeno que necesitan as persoas e animais, para respirar aire fresco. Outra cousa é que obtemos refuxio para algúns animais, por exemplo os paxaros, para que poidan facer os seus niños nas nosas ramas. Os esquíos poden durmir entre as nosas polas, as xirafas poden alimentarse das follas e a xente dálle aos porcos as miñas landras. Tamén somos unha fonte de enerxía para o ecosistema. Moitas veces a xente que visita o monte Aloia pérdese e eu guíoos por onde teñen que ir. Sei ata o mínimo de cada recuncho. Os nenos, cando os mestres lles mandan deberes moi difíciles ou redaccións dos bosques, sempre mo van preguntar:

–Señor Carballo ou roble, ¿Pódeme axudar?– preguntanme.



**Alumno:** Estefanía González Martínez, Patricia Álvarez Vicente, Sara Márquez Rodríguez

**Lema:** Un día na vida dunha árbore

**Centro:** IES A Sangriña

**Curso:** 2º ESO

**Descrición:**

Conto breve sobre os sentimentos dun carballo centenario que observa diferentes agresión no medio no que vive.

González, E.; Álvarez P.;

Márquez, S.  
IES A Sangriña

• Narrativa



# 02

–Roble ó Cantas árbores están en perigo de extinción neste bosque?–interrogágame outro.

E coma estas preguntas, moitísimas máis. Eu respóndolles con moito gusto, xa que adoro aos nenos e deixo que suban polo meu tronco e se poñan debaixo das follas os días que vai moita calor. Neste bosque aparte das alegrías, tamén houbo tristezas pero que grazas a Deus, con palabras resolvéronse.

Todo ocorreu nunha fría tarde de inverno. Un leñador achegouse con outro compañeiro, cunha motoserra na man.

–Xa chegamos,–díxalle ao do lado –este é un sitio perfecto para cortar árbores.

–Si, aquí hai moitísimas árbores, imans a obra! ¡Hoxe é o noso día!

–¡Alto aí, amigos! Ó Pódese saber en que estades pensando?–díxenlles moi enfadado– Se queredes cortar estas árbores non vo-lo vou permitir.

–Xa, ¡que risa! Ó Quen te crees ti que es para dicirnos o que temos que facer e o que non? E máis, aquí estas árbores non teñen ningunha utilidade.

–Pois si que a teñen, porque o piñeiro da piñas e a xente quereas para prenderlle lume e non ter frío no inverno. Os loureiros cólleselles as follas para votarllas ao marisco e os castiñeiros, quítaselles as castañas para comelas. Aparte, todas estas árbores son as miñas amigas dende pequeniñas e a miña obriga é protexelas.

–Vale, moi ben –interrompeume un dos homes– nós en cambio necesitámo–las para poder seguir traballando e non ir á ruína. Se non cortamos árbores as librerías protestan, xa que non teñen material, coma os lapis, folios, libros, etc.

–Pois sítollo moito por se vos despíden, pero a cortar árbores a outro lado. Hai moitísimos montes máis sen ser o Aloia e por favor non insistan máis e lárguense.

–Está ben, vouche facer caso porque sei que aquí o respectan–, dixo collendo a motoserra e dando media volta.

–¡E non volvades por aquí nunca máis!–berreille furioso.

Esta aventura, non foi a peor. Despois de tres meses chegou un cazador moi mal vestido cunha escopeta delgada e moi longa.

–O mellor será que me esconda nestes matorrais e cando pase algún animal, ¡ZAS!: collereino –díxila moi orgulloso aquel estraño home.

–Iso nunca, por favor, pense o que vai facer. Os animais tamén son seres vivos.

–Perdoe, xa o sei, pero teño un comercio e necesito pel para facer bolsos e abrigos.

–Pois nós en cambio necesitamos os animais para obter leite e lá, e para iso non fai falla matalos –díxenlle en son de paz.

–Pois ten razón Don Carballo, pero...

–Pero nada, váiase inmediatamente e non volva molestar aos meus amigos.

O home colleu a escopeta e sen dicir nada máis púxo a ao lombo e marchou refunfuñando.

Despois disto todos os habitantes reuníronse e fixéronme unha pequena festa por salvar en varias ocasións as árbores e os animais da zona, que para todos significan tanto. Como vedes hai moita xente que



se dedica a facer mal.

Un día que ía moita calor un grupo de cinco rapaces que terían entre dezaseis e dezaoitto anos con gorras, camisetas axustadas e cadeas gordísimas colgando duns pantalóns anchos; ocorrúselles plantar lume nun papel e tira-lo ao chan.

-¡Eh, lerchos! Deixade iso que estades facendo, ¿non vedes que pola vosa culpa morrerán centos de árbores e animais?

-¿Acaso pensas que iso nos importa? -contestou berrando un do grupo.

-¡Vai ser mellor que nos larguemos antes de que isto estoupe e veña a policía! -opina outro.

Esta vez fracasara. Era horroso mirar como os mellores amigos se estaban queimando pouco a pouco. Dentro de media hora chegaron os bombeiros, despois a policía e por último as cámaras de televisión:

-Hola, moi boas tardes, estamos aquí no parque natural do Monte Aloia co Carballo máis vello de por aquí que sobreviviu a un horrible incendio intencionado por uns inconscientes adolescentes -diciu a muller a través da cámara- ben Roble, ¿Cómo se

sente un despois de ver paso a paso toda esta desfeita?

-Fatal, tódolos meus amigos están mortos menos a vaca e o touro, o parque todo desfeito ¡non quedou nin unha táboa! e eu estou moi doente por estas enormes queimaduras no tronco e nalgunhas polas e follas. Tamén me sinto mal por non poder facer nada -dixen con bágoas nos ollos.

Os delincuentes foron condenados a seis anos de cárcere. Agora mesmo pasaron cinco anos do sucedido. No monte están repoboando moitas

árbores e traendo animais doutros países e lugares. Claro que para min non foi nada fácil recuperarme. Cada catorce de Maio, recordo os helicópteros cargando auga no río Miño, as cámaras, en fin amigos, a vida segue e como me din os que me apoian, cos meus cento vinteún anos teño que curarme das queimaduras e pensar en cousas alegres coma que a miña amiga a vaca e o touro están vivos e tiveron dous fillos. Entre todos reconstruímos o parque, que quedou moito máis fermoso que o anterior. Agora vai máis xente, nenos, grandes e pequenos e incluso anciáns. Xa estamos na primavera, que é a miña estación preferida porque das nosas ramas saen as flores e no verán os froitos. Desde que foi o incendio, a xente ten un pouco de medo polas súas casas e a min puxéronme en perigo de extinción xa que son o único carballo do monte Aloia. Cando se fan churrascadas no monte non se poden facer no chan senón en parrillas ou asadeiros. Que conste que hai carteis avisando: **NON PRENDA LUME**. Cando vaías ao campo ten moita prudencia, dígocho por experiencia. En fin, hoxe foi un día esgotador, así que déixovos que xa se fixo de noite e teño moito sono. **¡DEICA OUTRA AMIGUÑOS!**